

EDICTO:

PLAN DE SEGURIDADE DO TRAFICO DO CONCELLO DO GROVE

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Grove, 9 de xuño de 2014

Antecedentes:

Este municipio ten a responsabilidade de garantir a pacificación do tráfico e a seguridade viaria para toda a cidadanía, como elemento dinamizador da convivencia no municipio no marco dun modelo de vila sostible, co obxectivo de reducir a accidentalidade e incrementar a calidade de vida da cidadanía do Grove, achegando máis seguridade nos desprazamentos, mediante a incorporación de tecnoloxía nas tarefas de vixilancia, control e regulación do tráfico, e para mellorar o control e disciplina do tráfico en vías urbanas e outras encomendadas á Policía Local.

Subscribiuse un contrato o 7 de marzo de 2014 con Bilbomatica/Veicar O Grove UTE, mediante o cal se dota o Concello dun dispositivo de cinemómetro fixo de efecto Doppler (radar) para supervisar a velocidade de circulación de vehículos de motor en diferentes puntos da vila, así como de dúas unidades semafóricas de velocidade para a regulación do tráfico, dous sistemas de control de paso de vehículos con semáforo vermello, e outro cinemómetro de efecto Doppler estático instalado no vehículo identificado coa matrícula 3359-DZP, para o mellor control e disciplina do tráfico nas vías urbanas.

Obtivéronse as correspondentes autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e Deputación Provincial para efectuar as instalacións correspondentes nas vías públicas da súa titularidade, sendo responsabilidade do alcalde do municipio autorizar a súa instalación e uso co propósito de regular e pacificar o tráfico.

En marzo de 2013 o Concello asinou unha acta de delimitación de competencias entre a Policía Local do Grove e a Garda Civil de Pontevedra na que se prevé como competencia da Policía Local do Grove, ademais do núcleo urbano, entre outras, a EP 9107 (O Grove–O Porto de Meloxo), a avenida de Portugal e a estrada de acceso desde o centro urbano á Illa da Toxa.

Fundamentos de dereito:

- Lei orgánica Lei 4/1997, do 4 de agosto, que regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, que establece os procedementos, criterios e principios para a instalación, utilización e procedementos de posta en marcha e explotación, así como el tratamento das imaxes e os dereitos dos interesados.
- Real decreto 596/1999, do 16 de abril, que aproba o desenvolvemento e execución da Lei orgánicas 4/1997 (disposición adicional única) que dispón o réxime aplicable ás videocámaras para a vixilancia, control e disciplina do tráfico.
- Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria,

que lle atribúe a competencia aos municipios de ordenación e control do tráfico en vías urbanas da súa titularidade (artigo 7.a).

En atención a que os dispositivos de referencia están situados en vías cuxa regulación do tráfico lle está atribuída á Policía Local deste municipio, sendo competente para ordenar a súa instalación o alcalde e que se considera conveniente incorporar ao servizo do Concello o uso de sistemas de captación de rexistro de datos e imaxes de presuntas infraccións de tráfico, os cales funcionan de maneira centralizada, enviando os datos no centro de procesamento do Concello.

Por todo o exposto, formulo a seguinte:

RESOLUCIÓN:

Primeiro. Autorizar a instalación e o uso de dúas unidades semaforicas de velocidade para a regulación do tráfico, dous sistemas de control de paso de semáforo en vermello, dúas cabinas fixas para colocar un radar fixo de control de velocidade, dúas cámaras para a vixilancia antivandálica das cabinas, e o uso esporádico dun cinemómetro de efecto Doppler estático instalado no vehículo identificado coa matrícula 3359-DZP, co fin de asegurar o cumprimento da disciplina de tráfico no municipio, de acordo coas seguintes prescricións, características e condicións de uso.

1. Identificación do espazo físico en que se instalan os dispositivos:

- Municipio do Grove

Colocación dos sistemas:

- Sistema de control de paso en vermello 1: avda. Xoán XIII, 32
- Sistema de control de paso en vermello 2: avda. Tenente Domínguez, 104
- Cabina radar 1 con cámara de vixilancia: estrada do Conde, s/n (portal máis próximo ao núm. 91)
- Cabina radar 2 con cámara de vixilancia: rúa do Porto de Meloxo, s/n (portal máis próximo ao núm. 7)
- Unidade semaforica de velocidade 1: avda. Xoán XXIII, 34
- Unidade semaforica de velocidade 2: avda. Tenente Domínguez, 110

2. Medidas que se adoptan para garantir o respecto das disposicións legais vixentes:

- A custodia, conservación e destrución, de ser o caso, das imaxes captadas polas cámaras axustaranse estritamente ao procedemento establecido na LO 4/1997 e o D 596/1999.

3. Ordenar que a responsabilidade da resolución das peticións de acceso e cancelación, así como as responsabilidades de dirixir as operacións de gravación, sexan exercidas polo instrutor dos expedientes sancionadores en materia de tráfico.
4. Ordenar que o órgano competente da custodia e conservación das imaxes obtidas sexa o responsable do servizo da Policía Local.

Segundo. Que a vixencia desta resolución sexa desde a instalación efectiva dos dispositivos autorizados e teña carácter indefinido, sempre e cando non varíen as circunstancias que a motivaron.

O Grove, 11 de xuño de 2014

O alcalde

Miguel Ángel Pérez García